



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

EXPTE.Nº :2018/C003/000001

ASUNTO : Informe sobre xustificación de valores anormais ou desproporcionados referentes ao expediente de contratación da obra obxecto do proxecto denominado " *Reparación e asfaltado en Sobre a Igrexa - Guísamo, Mesoiro e A Lagoa* "

En cumprimento do previsto no prego de condicións administrativas particulares para a adxudicación da obra municipal denominada " *Reparación e asfaltado en Sobre a Igrexa - Guísamo, Mesoiro e A Lagoa* ", aos efectos da emisión de informe técnico sobre a documentación presentada pola empresa LANCER PROYECTOSY OBRAS S.A. aos efectos de xustificar os valores anormais ou desproporcionados en relación ao contrato de referencia, os servizos técnicos municipais

INFORMAN

Que vista a documentación presentada pola empresa LANCER PROYECTOSY OBRAS S.A. en data 23 de agosto de 2018 aos efectos de xustificar os valores anormais ou desproporcionados en relación ao contrato de referencia, se observa que a mesma **non se axusta, en ningún caso, ao previsto na cláusula 15.4.4) " Documentación a aportar para xustificara a oferta con valores anormalmente baixos "** do prego de condicións administrativas particulares que rexeu a contratación.

Polo anterior, a xuízo do informante, **debe considerarse á empresa LANCER PROYECTOSY OBRAS S.A. incurso en baixa temeraria e polo tanto excluída do procedemento de contratación.** Non obstante o anterior o órgano competente decidiráo que estime oportuno.

O presente informe se redacta oa leal saber e entender do informante, sen prexuízo doutro mellor fundado aos efectos oportunos.

Bergondo, na data que figura na marxe

OS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

Juan Carlos Gómez Pérez